

NORMATIVA PROVISIONAL **CAMPIONATO GALEGO PROMOCION 2022**



DEREITO DE PARTICIPACIÓN

a.-Teñen acceso a esta competición todas aquelas ximnastas que no ano 2021 non competiron en competición autonómica ou nacional de nivel federado ou en competición autonómica ou nacional de nivel base.

b.- Só unha única ximnasta por conxunto e categoría do mesmo Club inscrita na fase provincial como na final do Campionato de Promoción poderá participar nas dúas modalidades independentemente da categoría: conxunto e individual. Non poderá participar por duplicado nos conxuntos, isto é pertencer a dous conxuntos da mesma ou diferente escola/club.

c.-Na modalidade individual a inscrición non ten límite de ximnastas por Club para as fases provinciais. O pase a fase final para INDIVIDUAL estará limitada a 5 primeiras ximnastas por categoría e provincia e para CONXUNTOS será aberta.

d.-Haberá competición en dúas fases por provincia. **Na 1ª Fase obterase unha clasificación e entregaráselle medallas aos 3 primeiros clasificados por categoría, na 2ª Fase obteranse dúas clasificacións, entregaráselle medallas aos 3 primeiros clasificados por categoría e trofeo aos 3 primeiros clasificados na final provincial que resultará da suma das dúas fases.**

e.- Para acceder a Fase final do Cpto. é obrigatoria a inscrición e participación na fase provincial.

f.-O número de ximnastas mínimo para o conxunto é de catro e o máximo é de oito ximnastas. Isto é, os conxuntos poderán formarse con 4, 5, 6, 7, ou 8 ximnastas.

g.-Un mesmo club non pode presentar o mesmo exercicio dúas veces, aínda que cambien as ximnastas.

h.-Permítese as músicas cantadas en individual e conxuntos.

i.-As ximnastas individuais ou pertencentes os conxuntos que se clasifiquen nos últimos postos de cada categoría, en función do 30% de cada categoría **excepto na categoría Máster-Adultos,** e sempre que non acadaran podium poderán optar a competir na tempada **seguinte (2023) no Cpto. Galego Escolar ou seguir en Promoción. Exemplo: se hai 13 conxuntos en cat. Infantil poderán baixar a Escolar os 4 últimos postos da cat. Infantil. Tamén poden optar a descender a Escolar en 2023 as ximnastas individuais e conxuntos de Promoción 2022** que só competiron nas fases provinciais pero non na Fase Final.

j.-**Permítese a participación de ata dúas ximnastas dunha categoría inmediatamente inferior nunha superior para formar conxunto, excepto na categoría Master-Adultos. Exemplo: ata 2 ximnastas alevíns poderían formar conxunto de categoría infantil.**

k.-Os dous primeiros conxuntos clasificados, ximnastas titulares e reservas, e as dúas primeiras individuais en tódalas categorías, **excepto na categoría Máster-Adultos,** no Cpto. Galego de Promoción de 2022 ascenderán obrigatoriamente a PREBASE ou superior en 2023.

IDADES DAS XIMNASTAS MODALIDADE INDIVIDUAL

- **Categoría Prebenxamín:** ximnastas nadas en **2014 e 2015**
- **Categoría Benxamín:** ximnastas nadas en **2013**
- **Categoría Alevín:** ximnastas nadas en **2011 e 2012**
- **Categoría Infantil:** ximnastas nadas en **2009 e 2010**
- **Categoría Cadete:** ximnastas nadas en **2007 e 2008**
- **Categoría Xuvenil:** ximnastas nadas en **2006 e anteriores**
- **Categoría Master (Adultos):** ximnastas nadas en **2003 e anteriores**

IDADES DAS XIMNASTAS MODALIDADE CONXUNTO

- **Categoría Prebenxamín:** ximnastas nadas en **2014, 2015 e 2016**
- **Categoría Benxamín:** ximnastas nadas en **2013, 2014**
- **Categoría Alevín:** ximnastas nadas en **2011, 2012, 2013**
- **Categoría Infantil:** ximnastas nadas en **2009, 2010, 2011**
- **Categoría Cadete:** ximnastas nadas en **2007, 2008, 2009**
- **Categoría Xuvenil:** ximnastas nadas en **2007 e anteriores**
- **Categoría Master (Adultos):** ximnastas nadas en **2003 e anteriores**

DURACIÓN DAS MÚSICAS INDIVIDUAIS

Categoría Prebenxamín	1,15 – 1,30”
Categoría Benxamín	1,15 – 1,30”
Categoría Alevín	1,15 – 1,30”
Categoría Infantil	1,15 – 1,30”
Categoría Cadete	1,15 – 1,30”
Categoría Xuvenil	1,15 – 1,30”
Categoría Máster	1,15 – 1,30”

DURACIÓN DAS MÚSICAS CONXUNTO

Categoría Prebenxamín	1,45 – 2,00”
Categoría Benxamín	1,45 – 2,00”
Categoría Alevín	1,45 – 2,00”
Categoría Infantil	2,15 – 2,30”
Categoría Cadete	2,15 – 2,30”
Categoría Xuvenil	2,15 – 2,30”
Categoría Máster	2,15 – 2,30”

ESIXENCIAS TÉCNICAS : EXERCICIOS INDIVIDUAIS

VER NORMATIVA CPTO. NACIONAL BASE INDIVIDUAL 2022 - RFEG

APARATOS:

- CATEGORÍA PREBENXAMÍN: MÁNS LIBRES
- CATEGORÍA BENXAMÍN: MÁNS LIBRES
- CATEGORÍA ALEVÍN: PELOTA ou CORDA
- CATEGORÍA INFANTIL: CORDA ou MAZAS
- CATEGORÍA CADETE: PELOTA ou MAZAS
- CATEGORÍA XUVENIL: CINTA ou ARO
- CATEGORÍA MASTER (ADULTOS): ARO OU CORDA OU PELOTA OU MAZAS OU CINTA (segue as esixencias da categoría Xuvenil)

ESIXENCIAS TÉCNICAS : EXERCICIOS CONXUNTO

VER NORMATIVA CPTO. NACIONAL BASE CONXUNTOS 2022 - RFEG

APARATOS:

- CATEGORÍA PREBENXAMÍN: MÁNS LIBRES
- CATEGORÍA BENXAMÍN: MÁNS LIBRES
- CATEGORÍA ALEVÍN: MÁNS LIBRES e PELOTAS (mínimo 50% de cada, menos da metade máis unha pelota)
- CATEGORÍA INFANTIL: CORDAS
- CATEGORÍA CADETE: PELOTAS e MAZAS (mínimo 50% de cada aparato, menos da metade máis un do aparato a elixir)
- CATEGORÍA XUVENIL: CINTAS e AROS (mínimo 50% de cada aparato, menos da metade máis un do aparato a elixir)
- CATEGORÍA MASTER (ADULTOS): a elixir APARATOS MIXTOS (mínimo 50% de cada aparato, menos da metade máis un do aparato a elixir) OU APARATOS ÚNICOS (segue as esixencias da categoría Xuvenil)